

## FIGOS VERDES, FIGOS PÚRPURAS

Un home famento internouse nun horto abandonado. Descubriu unha figueira chea de figos púrpuras. O seu estómago ruxía, así que colleu catro figos e meteunos de golpe na boca. Estaban boísimos, doces coma o mel. O home estaba a piques de coller un quinto figo cando sentiu un tremor baixo os seus pés. Mirou ao seu arredor e, para a súa sorpresa, estáballe crescendo nas costas unha cola escamuda coma a dunha serpe. Veña, por que non comes máis? —dixo unha voz feminina próxima—. Pero avísote, canto máis comas, máis longa será a túa cola. O home intentou ver quen lle falaba, pero non viu a ninguén. —Perdoe, señora, roubeille os seus figos. Cominos sen pensar —dixo. As follas da figueira renxeron e das ramas saíu unha bruxa vella. —A fame fainos a todos ladróns —sentenciou—. Agora, ven comigo. Hai outro froito no meu horto. O mozo seguiu a bruxa ata o outro lado do horto, onde había outra figueira chea de figos verdes. Sírvede —riu a bruxa—. Espero que sigas con fame. O mozo tiña demasiado medo como para rexeitar a oferta, así que elixiu catro figos pequenos e mastigounos amodo. Ao acabar o cuarto, sentiu outro tremor e a súa cola desapareceu, sen máis! Es o único que se desculpou por roubar a miña froita —dixo a bruxa—. Colle tantos como queiras, mozo, e que che senten ben. Traeranche sorte. O home colleu catro figos verdes, volveu á outra figueira e colleu catro púrpuras máis. Tras collelos con coidado, dirixiuse á cidade e foi ao mercado: —Figos maduros en oferta! Catro figos por un céntimo! Figos púrpuras que se derreterán igual que o mel nas súas bocas! Por casualidade, a filla do rei estaba ese día no mercado e escoitou o mozo ao pasar: —figos, que delicia! —dixo, e enviou a súa serventa a compralos. Ao comelos, sentiu un movemento nas costas. —Papá, papá! O rei correu ao cuarto da súa filla: —Que pasa, princesa? Teño unha cola escamuda como a dunha serpe, mira.

O rei estaba arrepiado. A princesa cunha horríbel cola. Fixo chamar o físico da Corte. O físico enviou a princesa ao hospital para que a operasen. Ninguén puido dicirlle ao rei porque lle aparecera aquela cola, nin tampouco sabían como eliminala. Desesperado, o rei reuniu os seus mensaxeiros e díxolles chorando: —Se hai alguén na terra que cure a princesa, o rei daralle un cofre cheo de ouro e unha cesta de diamantes. Ao coñecer a noticia, o mozo púxose á faena. Colleu os catro figos verdes, coceunos con azucre ata facer marmelada. Cando a marmelada arrefriou, meteuna nun frasco de medicamentos e foi correndo ao palacio vestido de doutor. Maxestade, estou seguro de que esta estraña tinguadura eliminará a cola da princesa. Unha cullerada ao día durante dúas semanas será suficiente. O rei aceptou. A princesa tomaría unha cullerada daquilo todas as mañás co almorzo. Imaxina a felicidade da pequena cando, despois de acabar aquela marmelada, sentiu un movemento e viu que xa non tiña cola: —Papá, a cola desapareceu! O rei mantivo

a súa promesa e deulle ao mozo un cofre cheo de ouro e unha cesta de diamantes. Foi na busca da bruxa para compartir a súa sorte con ela, pero nunca máis a viu, nin tampouco o horto coas figueiras. Viviu rico e feliz o resto da súa vida e nunca máis comeu figos.

A volta ao mundo en 80 contos. Saviour Pirotta. Bahía Edicións

1. No conto hai un alimento que fai dano e outro que non. Di cales son e os efectos que producen.

.....  
.....  
.....  
.....

2 . Escribe a frase na que a bruxa explica por que premiou o protagonista.

.....  
.....

3. Quen comprou os figos no mercado?

A. O rei. B. O pobre. C. A princesa. D. A serventa.

4. Escribe a receita incluída no texto:

Título: .....

Ingredientes: .....

.....  
.....

.....

Elaboración: .....

.....

.....

.....

.....

4.- A marmelada feita con figos verdes serviulle ao mozo para:

- A. Namorar a princesa.
- B. Eliminar a cola da princesa.
- C. Facer desaparecer a bruxa.
- D. Facerlle medrar unha cola á princesa.

7. Por que o mozo non foi quen de rexeitar a oferta da bruxa?

- A. Porque tiña moito medo
- B. Porque tiña moita fame.
- C. Porque era moi valente.
- D. Porque era agradecido.

5. Coas frases que tes a continuación, constrúe un texto ordenado que conteña as mesmas ideas. Non repitas palabras idénticas.

- 1. O mozo comeu figos púrpuras
- . 2. Ao mozo desapareceulle a cola.
- 3. Despois o mozo comeu figos verdes.
- 4. Ao mozo saíulle unha cola escamuda.

.....

.....

.....

.....